Cerne

O xornal da Terra de Melide

Nº 134. Marzo 2017. Distribución gratuíta

Máis de 50 expositores participan na 4ª edición do Salón da Voda

Todo está preparado, pero a cerimonia aínda non comezou. Do que se trata agora é de que as parellas casadeiras, padriños, madriñas e resto de invitados collan ideas. E para iso nada mellor ca acudir a Melide a fin de semana do 11 e 12 de marzo. No Pazo de Congresos, onde se darán cita empresas de todas Galicia pertencentes a vinte sectores diferentes, atoparán todo o que precisan. Para que non falte detalle... P3

Graffiti pola igualdade nos muros do casco urbano

Unha iniciativa do Concello de Melide xurdida dun concurso para alumnado do IES traslada ás rúas da vila mensaxes contra a discriminación de xénero. P12

Santiso cambia os bandos por mensaxes de WhatsApp

O Concello lanza un sistema pioneiro de comunicación coa veciñanza que empregará esta aplicación de móbil para trasladar información de utilidade. P13

MELIDE
Instalan un sistema de rega automático na área do río Furelos P11

COMARCA
Clausuran en Sobrado o obradoiro de atención aos maiores P13

CULTURA
Coplas para Donald Trump no Entroido melidense máis tradicional P20

ENTREVISTA

Perfumería Lyss, P23

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

27 anos ao teu serwizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

Pacto de Estado xa

O parlamento británico discute estes días se é discriminatorio impoñerlle ás mulleres códigos de vestimenta no ámbito laboral. O debate xurdiu a raíz da denuncia e posterior recollida de firmas realizada por unha moza que foi despedida do seu traballo tras negarse a utilizar zapatos de tacón. Do caso fixéronse eco os medios informativos de todo o mundo e tamén aquí serviu, no antes e no despois da celebración do Día Internacional da Muller, para poñer unha vez máis sobre a mesa a cuestión da desigualdade de xénero.

A desigualdade entre homes e mulleres existe e representa un problema social de primeira orde do que se nutre outro igualmente grave: a violencia de xénero. No que vai de ano 16 mulleres foron asasinadas a mans das súas parellas masculinas, a mostra evidente do pouco que avanzamos. Máis ben ao contrario; estamos a dar moitos pasos cara atrás. Pero tan escandalosa cifra semella non ser suficiente para tomar cartas no asunto dunha forma seria e decidida.

Non se pode atallar un problema mentres non se asume como tal. Neste sentido as cifras indican que aínda falta moito camiño por percorrer. Segundo o último barómetro do CIS (febreiro de 2017) só o 1,7% dos enquisados citan a violencia de xénero como unha das súas principais preocupacións. Moito por diante están o paro, a corrupción ou a economía. Dende que hai estatísticas contabilízanse 900 mulleres mortas por terrorismo machista, pero seguimos sen velo como un problema.

Ante unha sociedade cega e resignada, son os responsables políticos os que deben dar un paso á fronte para forzar un cambio necesario. Falamos da vida de persoas, dun goteo constante de traxedias que fai urxente un pacto de Estado contra a violencia de xénero. Iso sen esquecerse de actuar sobre eses micromachismos do día a día que temos asumidos como normais e que tanto nos lastran.

O debate sobre a obriga de levar tacóns no traballo non é cuestión banal, como tampouco a utilización da muller como reclamo na publicidade, as azafatas necesariamente guapas entregando premios nas competicións deportivas, ou as propias deportistas obrigadas a xogar en bikini mentres os seus colegas varóns o fan en pantalón curto e camiseta.

A violencia de xénero non xorde da nada; ten un caldo de cultivo que se coce a lume lento nunha sociedade que ten completamente normalizada a desigualdade e tamén os micromachismos. Sumados coma grans de area derivan nun problema maior: o asasinato de mulleres polo simple feito de selo e por querer ser libres e autónomas na súa maneira de pensar e actuar.

Tribuna de opinión

Tarda a autovía...

Xunta Directiva de ASETEM-CCA

Son tempos de cisma na principal organización empresarial galega. A patronal de Pontevedra decidiu hai poucos días abandonar de forma temporal a Confederación de Empresarios de Galicia, que suma así un novo capítulo de desencontros no xa convulso panorama que vén protagonizando nos últimos meses.

Aínda así hai quen segue apelando ao consenso por unha causa maior: o progreso de Galicia. Fíxoo Antonio Fontenla, presidente da Confederación de Empresarios da Coruña (da que forma parte Asetem), a través dun artigo de opinión publicado en La Voz de Galicia no que instaba a construír un relato único dende o que demandar actuacións sobre as infraestruturas e o territorio claves para o desenvolvemento.

Citaba, entre elas, a futura autovía Lugo-Santiago e aludía á necesidade de acabala "cuanto antes (...) impulsando licitaciones y obras en el tramos Arzúa, Melide, Palas". Dende a patronal melidense facemos nosas as súas palabras, tanto no que á necesidade dun consenso se refire como á urxencia por rematar unha estrada que xa acumula demasiado atraso e que resulta de vital importancia para vertebrar o centro de Galicia.

Chamaremos ás portas que sexa preciso para que a autovía sexa unha realidade canto antes e, de non sermos escoitados, non dubidaremos en encabezar de novo como xa fixemos no seu momento a mobilización social. Melide e o progreso da comarca non poden agardar máis pola autovía.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Xosé Núñez, César C. Vega, Santiago Prado
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Laura Díaz
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....2
-EMPRESA.....3
-MELIDE.....11
-COMARCA.....13
-CULTURA E LECER.....18
-COLABORACIÓNS.....22
-ENTREVISTA.....23

O Salón da Voda renace con outro enfoque e maior número de estands

52 empresas de toda Galicia participarán na IV edición

Tras dous anos de ausencia o Salón da Voda regresa a Melide renovado completamente en canto a fondo e forma. Pouco quedará das tres primeiras edicións (2012, 2013, 2014) neste evento nupcial que baixo o título *Casa con nós* congregará no Pazo de Congresos os días 11 e 12 de marzo a máis de 50 empresas de vinte sectores diferentes.

Baixo a organización de Frida Kiwi, empresa especializada en planificación de vodas, a principal novidade prodúcese en canto á propia concepción do salón, que cambia a esencia local dos primeiros anos por outra máis global. Así, se nas tres edicións anteriores a participación estaba reservada para os negocios de Melide e comarca, desta volta abríronselle as portas a empresas de toda Galicia. Xa que logo, a presenza de comercios da vila será reducida (tan só 9) pero como contrapartida aumenta o número de expositores: 52 fronte a unha media de 30-35 en anos anteriores. Tamén se incorporan sectores que nunca antes estiveran presentes, como o de carpas e iluminación, baños portátiles ou oficiantes de vodas civís.

Por outra banda, non haberá o tradicional desfile de moda para noivas, noivos e invitados pero pola contra os visitantes terán máis tempo para consultar todas as propostas, pois o salón engade un día máis e estará aberto tanto o sábado 11 como o domingo 12 pola mañá e pola tarde.

HORARIOS

Sábado

de 11:00 a 15:00
de 16:30 a 20:30

Domingo

de 11:00 a 15:00
de 16:00 a 19:00

Quen te vai aconsellar?

- Animación infantil: **Xanela Ocio** (Melide), **CPM Eventos** (Vedra).
- Animación musical: **Mas Music** (Ferrol), **La Gramola** (Santiago), **B Music** (Arzúa), **Coro Sentimento** (Covelo), **La Isla de Kendal** (A Coruña).
- Axencias de viaxes: **Infinita Eventos** (Santiago), **Karyma Viajes** (Santiago), **Zafiro Tours** (Santiago).
- Coches antigos: **Vespaceo, Clasicars, Clásicos.**
- Florerías: **Adria Florería** (Ames).
- Fotografía: **Imaxina Bodas** (Melide), **Sanoguera** (Melide), **Natalia Mejuto** (Melide).
- Fotomatón: **Montamos la fiesta** (Monforte), **Picmatón** (Santiago).
- Hostalería: **Pazo Vilar de Ferreiros** (Santiso), **Xaneiro** (Toques), **A Ponte** (Boimorto), **A Boa Viña** (Melide).
- Invitacións: **Crispita** (Santiago), **Meligraf** (Melide), **Deprint** (Arteixo).
- Moda Invitada: **Pasarela** (Melide).
- Moda noiva: **Bride & Guest** (Santiago), **Kyrie** (Ordes), **Cuore** (Betanzos).
- Moda noivo: **Garysom** (Santiago), **Tu Boutik** (Melide), **Pajaritisymas** (Online).
- Oficiante: **Luz Verde** (Santiago).
- Perruquería e maquillaxe: **Hermin´s** (A Coruña), **Laura Codesido** (Touro), **Beauty Plan** (A Coruña), **SH** (A Coruña).
- Regalo invitados: **Unicef**, **Todo Original** (Santiago), **Xebre** (Melide).
- Sobremesas: **Dulce Victoria** (Ames), **La Esquina** (Arzúa).
- Vídeo: **VPV Weddings, Cinema para 2.**
- Wedding planner: **Frida Kiwi** (A Coruña).
- Xoiería: **Oro Ley** (Melide), **Regueira** (Santiago).
- Outros: **Autos Rico** (Boimorto), **Reneymar** (A Coruña), **Vamos de picnic** (Online), **Adelante Eventos** (A Estrada).

Que servizos ofrece Asetem?

- **Asesoría xurídica, fiscal e laboral**

  Resolve gratuitamente todas as túas dúbidas de man dos profesionais cualificados da Confederación de Empresarios da Coruña, da Federación Galega de Comercio e da Federación de Autónomos de Galicia, organismos nos que estamos integrados.

- **Información e tramitación de axudas**

  Achegamos de forma puntual información sobre todas as subvencións e liñas de axuda ofertadas dende os diferentes organismos. Se o precisas, tramitámosche as solicitudes de xeito gratuíto. Tamén informamos sobre os cambios lexislativos de relevancia.

- **Organismo acreditado**

  Asetem é un organismo acreditado para a realización de cursos oficiais de manipulador de alimentos, benestar animal e transporte de animais vivos. Estamos habilitados para intervir como árbitros ante calquera conflito que se dirima no Instituto Galego de Consumo.

- **Un espazo de comunicación**

  A asociación de empresarios é a responsable do Xornal Cerne, publicado mensualmente dende 2004 como unha ferramenta de difusión da actividade comercial e de información plural para a veciñanza. Na nosa páxina web tes outra canle de comunicación e tamén un espazo para o teu negocio.

- **Convenios con garantías**

  Accede a vantaxes na contratación de servizos para o teu negocio grazas aos convenios que asinamos con entidades como Banco Sabadell, La Caixa, Efa Piñeiral, Seguridade A-1, Radio Melide ou R.

- **Oferta formativa**

  En Asetem organizamos cursos formativos pensando nas necesidades dos nosos asociados: Escaparatismo, técnicas de venda, prevención de riscos laborais, oratoria, habilidades directivas, primeiros auxilios, redes sociais e internet...

- **Feiras, eventos e campañas**

  Poñemos en marcha numerosas iniciativas ao longo do ano co obxectivo de dinamizar o tecido produtivo local e crear vida na comarca: Este Nadal toca en Melide, Bono Asetem, Unha voltiña por Melide, concurso de tapas de primavera e outono, En Melide todo o día, Salón da Voda, Mercamelide, Feira de maquinaria agrícola...

- **Cesión gratuíta do local**

  As instalacións de Asetem están a disposición das empresas asociadas sempre que o necesiten.

- **Bolsa de traballo**

  Axudámosche a atopar o empregado que necesitas.

CCA Melide CentroComercialAberto ASETEM

Aínda non lle ves as vantaxes? Asóciate!!

POR SER DE XUSTIZA

O desafiuzamento do arrendatario por impago

Eva Novás
Avogada

O desafiuzamento é un procedemento xudicial previsto para que o propietario dun inmoble arrendado, vivenda ou local de negocio poida recuperar a posesión do mesmo. O motivo máis frecuente para acudir a el é cando o arrendatario deixou de pagar as cantidades acordadas, que poden ser tanto a renda polo aluguer como outros conceptos como, por exemplo, os recibos da subministración de auga, luz, etc... ou incluso as cotas da comunidade de propietarios, xa que se entende esta falta de pago como un incumprimento por parte do inquilino da súa obriga principal.

Serve tanto para recuperar o inmoble arrendado, desaloxando ao inquilino (o que se coñece como lanzamento), como para reclamar estas cantidades debidas. Ao contrario do que sucedía ata hai pouco tempo, non é necesario que se acumulen as mensualidades: basta coa débeda dun único mes de renda para poder solicitar o desafiuzamento, se ben o aconsellable e razoable é agardar polo menos un par de recibos para comprobar que non se trata dun feito illado e puntual. En calquera caso, a falta de pago do inquilino non autoriza ao arrendador a realizar algunhas condutas como cambiar o pecho da porta, deixar de pagar os recibos (se é o arrendador quen os paga e logo os repercute), ou incluso cortar a subministración de auga ou de luz. Mentres o contrato de aluguer non se rescinda polas partes ou xudicialmente, o arrendatario é o posuidor da vivenda e estas actuacións poden ser entendidas como coaccións, se o inquilino as denuncia.

O habitual é intentar unha solución amistosa e extraxudicial antes de demandar. Neste caso, é moi importante que esa reclamación previa se faga de modo correcto e no seu debido tempo, pois se o que se pretende é o desaloxo do inquilino moroso, deberá ser aportada á nosa demanda e é necesario que cumpra con todos os requisitos legais a fin de que este non poida evitar o desafiuzamento cun pago tardío. No caso de que neste tempo o inquilino desexe abandonar a propiedade pola súa propia vontade, é conveniente que a entrega da posesión do inmoble e das chaves quede documentada, polo que esta entrega se acostuma a facer no xulgado.

A demanda de desafiuzamento precisa de procurador e avogado e unha vez que se lle notifica ao inquilino, este dispón de dez días para que compareza e se opoña, pague ou desaloxe. O procedemento pode ser máis ou menos longo en función de cal sexa a decisión do arrendatario cando se lle notifica: pode opoñerse á demanda, entregar a vivenda sen pagar, quedarse na vivenda e non pagar (o que obrigaría ao lanzamento) ou ben pagar a débeda e entregar a vivenda. É dicir, que se o arrendatario non comparecese nin pagase o reclamado, o xulgado directamente sinalaría un día para o desaloxo sen necesidade de xuízo, finalizando así procedemento e pasándose ao lanzamento na data que o xulgado sinale.

O lanzamento merecería explicación aparte en canto ao necesario para que non só se trate de desaloxar e de reintegrar o inmoble ao seu propietario, senón que se garantan os dereitos do arrendatario e das persoas que con el convivan, dos prazos para a retirada das pertenzas, etc... A grandes trazos, pode ser voluntario ou pola forza, e a comisión do xulgado terá que deixar constancia da entrada, de se hai que forzar a pechadura e cambiala, da entrega das novas chaves ao propietario ou ao seu representante e do estado no que se atopa a propiedade, sendo moi importante pedir que se fagan constar todos os danos que se aprecien para poder reclamalos posteriormente.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 17 / 662 30 26 18

FONTENLA PIDE QUE SE IMPULSEN AS OBRAS DA AUTOVÍA POR MELIDE

O presidente da Confederación de Empresarios da Coruña, Antonio Fontenla, reclama a necesidade e acabar "cuanto antes" a autovía de Santiago a Lugo "impulsando licitaciones y obras en el tramos Arzúa, Melide, Palas". Faino a través dunha tribuna de opinión publicada recentemente en La Voz de Galicia na que se refire ás infraestruturas clave para o desenvolvemento de Galicia e na que menciona a futura autovía como unha peza imprescindible no centro do territorio. En dito artigo Fontenla insta a construír un relato empresarial único dende o consenso e a articulalo territorialmente dende a concepción de Galicia "como ciudad única".

O líder da patronal coruñesa ve tamén necesario aumentar o consumo interno mellorando a calidade do emprego: "la negociación colectiva debe llevar implícita un alza salarial a modo de estímulo, si bien debe abordarse con moderación".

O COMERCIO GALEGO BUSCA LIBRARSE DO CANON DA SGAE



A Sociedad General de Autores (SGAE) está a percorrer as vilas de Galicia realizando inspeccións nos establecementos comerciais e reclamando a subscrición dun contrato e o posterior pagamento dunha cota mensual, en concepto de dereitos de autor, pola música que emiten.

A Federación Galega de Comercio, en resposta ás numerosas consultas que lle están facendo chegar os comerciantes, explica que certamente, segundo a Ley de Propiedad Intelectual vixente, hai que pagar dereitos de autor pola emisión de música nos locais públicos pero recorda que existe a posibilidade de utilizar música libre deses dereitos a través de plataformas web de descarga que supoñen un custo menor e que emiten un certificado conforme á legalidade da música que se emite. As máis coñecidas son: freemusicprojects.com, jamendo.com, freemusicarchive.org, opsoun.org e tamén soundcloud.com.

SUBVENCIÓNS

CREACIÓN DE EMPRESAS PARA ACTIVIDADES NON AGRÍCOLAS EN ZONAS RURAIS. GALICIA RURAL EMPRENDE (DOGA Nº 42 DO 01/03/2017)

.- Obxecto: subvencionar proxectos dirixidos á creación de emprego nas zonas rurais mediante axudas á primeira implantación e desenvolvemento de novas actividades económicas non agrarias viables, que deben contribuír á diversificación económica, crecemento do emprego, sustentabilidade do medio rural e equilibrio territorial, tanto en termos económicos como sociais. Os proxectos non deben estar empezados.
.- Beneficiarios: titulares de explotacións agrarias que diversifiquen as súas actividades en ámbitos non agrícolas, pemes de nova creación ou que inicien unha actividade distinta e persoas físicas que residan nunha zona rural, xa para crear unha nova empresa, xa para seguiren traballando na preexistente.
.- Obrigas: manter o investimento ligado ao proxecto e mantemento de emprego de 3 anos.
.- Contía: 20.000 euros incrementable segundo o investimento realizado, o número de persoas empregadas e a localización do proxecto, podendo chegar a 70.000 euros.
.- Prazo: ata o 1 de abril.

AXUDAS LEADER. PDR DE GALICIA 2014-2020 (DOGA Nº 12 DO 18/01/2017)

.- Obxecto: Subvencionar proxectos localizados no territorio galego que sexan viables técnica, económica e financeiramente e que non estean iniciados no momento da solicitude.
.- Beneficiarios: Persoas físicas ou xurídicas de carácter privado, entidades públicas de carácter local ou comarcal, e as comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades.
.- Obrigas: manter tanto o destino do investimento como os empregos consolidados polo menos 5 anos dende o pago da axuda. Tamén se deben manter os empregos creados 5 anos dende a contratación.
.- Contía: Dende un 15% ata un 50% do investimento total subvencionable.
.- Solicitudes: GDR da zona de influencia. O GDR que corresponde a Terra de Melide é GDR ULLA TAMBRE MANDEO.
.- Prazo: ata o 31 de marzo.

SUBVENCIÓNS PARA PROXECTOS DE EQUIPAMENTOS TÉRMICOS DE BIOMASA DESTINADAS A PARTICULARES (DOGA Nº 43 DO 02/03/2017)

.- Obxecto: Apoiar proxectos promovidos por particulares para a instalación para a xeración de enerxía térmica mediante equipamentos que utilicen biomasa como combustible.
.- Beneficiarios: persoas físicas de dereito privado, comunidades ou mancomunidades de veciños, así como agrupacións de persoas físicas privadas sen personalidade que sexan propietarios ou titulares dun inmoble do sector residencial sito no rural de Galicia.
.- Contía: máximo do 50% do custo, con un máximo de 50.000 euros.
.- Solicitudes: Entidades colaboradoras.
.- Prazo: Para adherirse as entidades colaboradoras, dende o 3 ao 23 de marzo. Para os interesados, dende o 24 de marzo ata o 23 de abril.

Información elaborada por CC Xestión - Tlf.: 881 973 307

EVOLUCIÓN DO PARO NA COMARCA

	Parados mes febreiro	Parados mes xaneiro	Parados Homes	Paradas Mulleres	Parados menores de 25
MELIDE	503	521	201	302	16
SANTISO	96	92	47	49	2
SOBRADO	73	72	48	25	5
TOQUES	70	76	32	38	5

PARO POR SECTORES

	MELIDE	SANTISO	SOBRADO	TOQUES
Agricultura	29	10	4	8
Industria	60	17	9	6
Construción	62	14	15	17
Servizos	304	46	39	29
Sen emprego anterior	48	9	6	10

OPINIÓN

Susana Castro

BENVIDO Á ERA TELEMÁTICA

O pasado mes de outubro entrou en vigor unha lei que obriga a todas as persoas xurídicas (empresas mercantís e asociacións) a comunicarse coa administración por medios telemáticos. Esta lei, a pesares de ser aprobada con un ano de antelación, colleu fóra de xogo tanto ás administracións como aos usuarios. Así, existen moitos trámites que non é posible realizar a través da rede na Xunta de Galicia ou mesmo en algúns Ministerios. Tamén colleu de novas aos cidadáns aos que todo o telemático se lles fai un pouco costa arriba, xa que unha cousa é ter o Whatsapp instalado no móbil e outra moi distinta facer unha factura electrónica.

Mención á parte merece o Concello de Melide, que estando sempre á última xa se sente preparado para que todas as comunicacións sexan a través de internet, e non só esixe as facturas electrónicas ás persoas xurídicas como obriga a lei, senón que as solicita todas por esta canle. Imaxino que os responsables desta decisión estarán moi ao tanto do nivel de coñecementos e medios técnicos dos que dispoñen os veciños para ir máis alá da lei e situar ao noso concello entre os primeiros de Galicia en tramitación telemática.

Sen entrar a valorar a legalidade ou non desta medida, só espero que os funcionarios públicos sexan conscientes de que a lei tamén indica o seguinte: "así mesmo, se algún destes interesados non dispón dos medios electrónicos necesarios, a súa identificación ou sinatura electrónica no proce demento administrativo poderá ser validamente realizada por un funcionario público mediante o uso do sistema de sinatura electrónica de que estea dotado para isto".

Os autónomos xeran máis traballo

Segundo datos da Federación Nacional de Asociaciones de Traballadores Autónomos (ATA) o emprego xerado por este colectivo aumentou no último ano a un ritmo do 5,5 %, máis de dous puntos por encima do ritmo normal do crecemento total do emprego. Durante o ano 2016 os autónomos xeraron un total de 70.490 empregos netos, dos cales 45.011 corresponden a postos de traballo asalariados e 25.479 representan novas altas. Segundo se desprende do informe de ATA, durante o 2016 os autónomos con máis de cinco empregados rexistraron un aumento do 9,9% e xeraron no último ano un total de 20.633 novos postos de traballo. Outra das conclusións do estudo é que cada vez hai máis autónomos que consolidan a súa actividade, xa que o 55% ten máis de cinco anos de antigüidade.

Travesía do Convento, 1
Tlf.: 981 942 415
N&N
Agora tamén
COMUÑÓN
E BAUTIZO
Tapiz, Anavig
Amaya

Anúnciate no
Cerne
981 50 61 88
info@asetem.com
CCA
Melide
ASETEM
CentroComercialAberto

IMPRENTA
Meligraf
Tfno./fax: 981 50 62 56
Rúa Galicia, 26 - 15800 MELIDE
(A Coruña)
e-mail: meligraf@empresagalega.eu

HOTEL BALNEARIO
RIO PAMBRE
Vilariño (San Breixo). Palas de Rei. 27203 Lugo
Telf.: 982 37 41 35 / Fax.: 982 37 40 98
Web: www.balnearioriopambre.com

DIRECTORIO - SOCIOS/AS DE ASETEM

ASESORÍA

CC Xestión
Florentino Cuevillas, 2
881 97 33 07
Seguros Bilbao
Rda. de Pontevedra, 113
678 05 59 42

CANTEIRAS

Canteras Prebetong
Brasil, 56, Vigo
981 50 55 76
Canteras Richinol
Arenal, 64, Lalín
981 50 55 04

CARPINTERÍA

Aluminios Melide
Pol. Madanela, 86
981 50 73 12
Blangar
Ctra. Lugo km 46,
Melide
981 50 54 18
Maderas Ovidio Leiva
Belmil, Santiso
608 58 74 47

COMERCIO

Bodejas Mejuto
Rda. de Pontevedra, 74
981 50 77 62
California 66
Rosaleda, 5
687 77 64 36
Calzados Broz
Camiño de Ovedo, 13
981 50 51 60
Cárnicas García
Rda. da Coruña, 14
981 81 54 00
Carnicería Penas
Avda. de Lugo, 35
609 93 91 98
Carnicería Río
Rda. de Pontevedra, 17
610 77 83 19
Carola Moda 2000
Alexandre Bóveda, 16
981 50 51 49
Casa Juanito
Mateo S. Bugueiro, 39
981 50 51 03
Casa Santos
Avda. de Lugo, 8
981 50 53 96
Centro Comercial Ares
Rda. da Coruña, 27
981 50 50 53
Cociñas M. Buján
Avda. de Lugo, 99
981 50 74 21
Colorín Colorado
Rda. da Coruña, 10
881 97 85 60
Cooperativa Melisanto
Agüeros, s/n, Melide
981 50 60 26
Deportes López
Avda da Habana, 5
981 50 54 25
Disfruta
Rda. da Coruña, 18
606 97 04 98
Distribuciones Mella
Xoán XXIII
981 50 60 68
DivaPro Hair&Beauty
Rda. da Coruña, 58
607 26 77 82
Ekaté
Cantón de San Roque,11
881 97 74 17
Electrosan
Martagona, 13
981 50 79 64
Estanco Angarela
Progreso, 9
981 50 60 96
Electricidade Vilela
Avda de América, 34
981 50 59 00
El mundo del pintor
Avda. Lugo, 43
981 50 90 77
Espomasa
Ctra. Melide-Toques,
km 8, Toques
981 50 59 71
Establecimientos El Mueble
Rda. Pontevedra, 2
981 50 50 89
Eurocadena
Cantón de S. Roque, 9
670 29 29 17
Ferretería Noguerol
Convento, 28
981 50 50 29
Floristería Maru
Convento, 9
981 50 75 80
Floristería Strelitzia
Cantón S. Roque, 46
881 81 91 01
Floristería Tarrío
Amador Rguez, 7
981 50 61 64
Frutas Nati
Pol. Ind. A Madanela
600 44 80 92
Fuciños Rivas
Rda. da Coruña
981 50 50 47
Imaxina
Florentino Cuevillas, 4
881 95 70 87
Imprenta Meligraf
Rúa Galicia, 26
981 50 62 56
Intres Fotografía
Avda. de Toques, 2
881 97 42 24
Jim Sports Technology
Madanela S/N
981 50 64 34
José Xaneiro
Avda. Toques, 57
981 50 53 35
Joyería Oro Ley
Rúa de San Pedro, 14
981 50 54 68
Joyería Silvela
Rda. da Coruña, 40
981 50 59 97
La Cortina
Avda. Lugo, 43
981 50 63 58
Laia Zapateiros
Praza Convento, 4
626 25 20 54
Leiva Motosport
Rda. da Coruña, 52
981 50 73 34
Librería Cousas
Avda. da Habana, 29
981 50 57 75
Librería Victorio
Taboada Roca, 1
981 50 50 55
M&M Moda
Rda. da Coruña, 58
981 94 24 15
Magnín
Rda. da Coruña, 32
881 99 84 49
Marvi
Rúa do Convento, 16
981 50 71 94
Medusa Moda
Rda. da Coruña, 26
881 97 82 79
Melimática
Otero Pedrayo, 6
981 50 78 81
Mis mejores labores
Avda. América, 3
657 43 56 99
Mobles Ares
Rda. da Coruña,62
981 50 55 64
Modas El Dándolo
Convento, 15
981 50 63 70
Muebles Paula
Crta. Lugo, km 46,
981 50 57 34
Muxica Tenda Xoven
Rúa do Convento, 36
981 50 63 66
Óptica Abal
Rda. da Coruña, 16
981 50 60 97
Óptica Melide
Rúa do Convento, 17
981 50 54 67
Óptica Novalux
Rda. da Coruña, 20
981 50 51 99
Ortopedia Ortosaúde
Rda. Pontevedra, 16
981 50 78 74
Panadería e Pastelería Toques
Avda. de Lugo, 31
981 50 51 81
Pastelería Estilo
Rúa do Progreso, 6
981 50 51 53
Pastelería Triskel
Novoa Santos, 32
981 50 50 98
Perfumería Lyss
Rda. da Coruña, 44
981 50 76 84
Pescados e Mariscos Manolo
Rosaleda, 10
629 81 20 29
Ramón Cabado
Avda. Toques, 30
981 50 51 37
Ramón Pampín Bango
Rda. de Pontevedra,105
981 50 75 26
Recambios Sando
Avda. de Lugo, 10
981 50 54 19
Recambios Vulcano
Avda. de Lugo, 99
981 50 62 18
Ribeirao
Convento, 12
981 50 50 18
Romero Zapaterías
Rda. da Coruña, 29
981 50 53 56
Rubén Pacior S.L.
Pol. Madanela, 100-102
981 50 70 11
Sanoguera Fotografía
A Casilla, 1 - Moldes
622 22 28 10
Sisuka
San Pedro, 5
881 97 58 62
Sport Moda
Cantón de S. Roque, 38
981 50 76 17
Stardemoda
San Pedro, 10
626 56 49 02
Sueños
Alexandre Bóveda, 2
981 50 71 87
Suministros Industriales Cire
Pol. Madanela, 22
981 50 79 54
Supermercados Gómez
Amador Rodríguez, 3
981 50 70 27
Tu Boutik
Rda. Pontevedra, 61
881 05 63 94
Zapatería Pequeniños
San Pedro, 4
981 50 79 66
Xebre
Mateo Segade, 1
981 50 57 23
Xoiería Roval
Alexandre Bóveda,12
981 50 54 31

CONSTRUCIÓN

Barreiro Lodeiro, J.
Baltar, Melide
981 51 53 86
Const. M. Espiño
Concepción Arenal, 5
981 50 77 29
Const. Leonardo Miguélez
Santa María, Melide
981 50 52 73
Const. Pichel Hnos.
Avda. Estación, 2, Lalín
986 78 07 59
Cubiertas Hermanos Blanco
Pol. Ind. A Raña, rúa 7.
O Barco de Valdeorras
988 33 52 94
Excavaciones Paradela
Ribeiro,s/n
981 50 55 92
Hijos de Casal Mariño
E. Álvarez Carballido, 1
981 50 53 10
Hormigones Carral
Sta. María de Veira,
As Travesas, Carral
981 50 50 25
Hormigones Myhnor
Pol. Ind. A Madanela,
Parcela 30
981 17 36 16
Marmolería Melide
Gosenxe, Ribadulla,
Santiso
981 50 55 18
Química Industrial Proquintas
Pol. Ind. A Madanela
981 50 53 00
Revestimientos Rifer
Avda. de Lalín, 26
981 50 71 16

HOSTALERÍA

Bodega Curros
Rda. de Pontevedra,18
981 50 59 68
Casa Alongos
Camiño Vello Stgo. s/n
619 22 93 34
Café Chaplin
Cantón de S. Roque,17
981 50 53 55
Cafetería M40
Cantón de S. Roque, 40
981 50 73 44
Cafetería Stop
Rúa da Cátedra, 1
Esquina San Antonio
Dúas Rúas
Rúa Principal, 5
600 69 99 44
Espectáculos Ángel Seoane
Avda. da Habana, 15
981 50 53 28
Hotel Carlos 96
Avda. de Lugo, 119
981 50 76 33
O Tobo do Lobo
R/Luis Seoane, 8
981 50 77 73
Parillada O Carburo
Villamor, Toques
981 50 49 07
Parrillada Rúa
Avda. de Lugo, 50
981 50 60 76
Pazo de Eidián
Eidián, 5 Agolada
986 68 25 45
Pulpería Ezequiel
Cantón de S. Roque,46
981 50 52 91
Pulpería Taboada
Avda. Lugo, 22
981 50 74 26
Xamonería Garceiras
Gaiteiros Garceiras, 1
608 975 776
Tecnamelide
A Madanela, parc. 80
981 50 63 88
Xanela Ocio
Rosalía de Castro, 12
634 24 34 69
Yethi Carburantes
Cruce campo de fútbol
982 38 00 71

SERVIZOS

Academia Besbello
Rúa San Antón, 5
981 50 52 52
Albergue Vilela
Rúa San Antón, 2
616 01 13 75
Annic Difusión
Rda. Pontevedra, 63
981 94 38 94
Avogados Ana Pernas & Miguel Fernández
Luis Seoane, 2
981 506 455
Clínica Dental Ana Marcos Cardo
Rda. da Coruña, 31-1º B
981 50 57 05
Clínica Dental Karim
Rda. Pontevedra, 32
981 50 62 44
Estación de Servicio Corredoiras
Corredoiras, 14,
Boimorto
981 51 60 04
Eva Novás abogada
Rúa San Antón, 5
981 50 72 17
Extractores Villamor
Cantón de S. Roque, 8
648 25 31 33
Fisioterapia Lili
San Pedro, 16
981 50 72 06
Fisio-Vida
Florentino Cuevillas,16
981 50 70 47
Gasolineira Bocelo
Avda. de Lugo
981 50 62 50
Hardgalicia - "R"
Rúa do Convento, 4
693 77 88 66
Intermax Technology
Rúa Folicheiro, 20
902 908 737
Mofitel Comunicac.
Santiago de Compostela
693 62 21 85
Skala Peluqueros
Almirante Brown,19-21
981 50 59 03
Parafarmacia Cantón
Cantón de S. Roque, 28
981 93 73 50
Perruquería Santín & Amo
Cantón de S. Roque, 38
Entrechán
650 43 63 75
Servinet
Vitiriz, s/n
697 89 24 66

TALLERES

Autos Mar
Pol. Madanela, 8-9
981 81 53 36
Desguaces Lual
O Coto (Melide)
981 50 73 52
Melicar
Avda. de Lugo, 95
981 50 76 25
Motor Melide
Pol. Ind. A Madanela
981 50 70 31
Neumáticos Melide
Avda. Lugo, 129
981 06 57 00
Talleres Leiva
Madanela, Melide
981 50 52 11
Talleres Mejuto
Sta. María, Melide
981 50 59 99

SOCIO COLABORADOR

Mª Carmen Carreira Simón
Rda. da Coruña, 50 - 1º
981 50 52 80
La Caixa
Alexandre Bóveda, 1
881 03 08 20
Banco Sabadell
Rúa do Convento, 13
981 50 52 50

TRANSPORTES

Cabado Rguez, J.R.
Pezobrés s/n, Santiso
981 51 77 89
Nutripor S.A.
Pol. Madanela, 18-19
981 50 64 70
Rey Sánchez S.L.
Emilio Campoamor, 2
981 50 60 29
Transportes Sierra
Pol. Ind. Madanela,
parcela 79
981 51 58 18
Transportes Zas
Palas de Rei
982 18 34 04

ENXEÑERÍA

Javier López López
Xosé R. Fdez. Castro, 6
981 50 54 82

CASA CON NÓS

SALÓN DE VODAS NO CORAZÓN DE GALICIA



11 E 12 DE MARZO 2017

MELIDE

ENTRADA DE BALDE
+INFO EN SALONDEVODA.COM

ORGANIZA:

FridaKiwi
WEDDING PLANNER

Floristería Maru
Especialistas en Bodas y Comuniones
Pide presupuesto sin compromiso
Rúa do Convento, nº 9 - MELIDE
Tlfs.: 981 507 580 - 607 507 579
info@floristeriamaru.com
FLORES POR TODO EL MUNDO
FLEUROP
INTERFLORA

Bodegas Mejuto
Viños e Licores
Bebidas Espirituosas
Licores Mejuto
Naturais, Aromáticos e Dixestivos.
Produtos de 1ª Calidade
Tfnos.: 981 507 762 - 652 819 732 - 654 532 557
www.licoresmejuto.com
Ronda de Pontevedra, nº 74 - 15800 MELIDE (A Coruña)
PRODUCTOS ORIXINAIS
1ª Calidade · Dende 1954
Bodegas Mejuto
Viños e Licores

intres
FOTOGRAFIA
"Se sabes agardar, a xente esquecerase da túa cámara e entón a súa alma sairá á luz"
Steve McCurry
www. intresfoto.es
Tlf: 658 663 898 / 881 974 224
Avenida de Toques, 2
intres FOTOGRAFÍA
DP-4604
6 TOQUES


Joyería
Oro Ley
Visítanos no
Salón da Voda
Rúa de San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A Coruña)
Tlf: 981 50 54 68

Dotan a área recreativa do Furelos dun sistema de rega automático

A área recreativa do Río Furelos volve a recuperar paseniño a súa mellor cara trala enchente e os danos causados polo último temporal. A maiores do acondicionamento das zonas axardinadas, a posta a punto incorpora este ano unha novidade: a instalación dun sistema de rega automático que permitirá manter o céspede en perfectas condicións durante os meses de verán.

Os traballos foron realizados polo alumnado do obradoiro de emprego especializado en xardinería que se está a desenvolver en Melide e abarcaron toda a área comprendida dende as piscinas e o aparcadoiro ata a marxe do río. Quedou fóra "la zona donde están las mesas de piedra y las barbacoas, que es mucho más húmeda", explica Mª Pilar Sánchez, directora de dito obradoiro e coordinadora do equipo docente integrado por seis mestres que dende o mes de outubro forman a 20 persoas en dous módulos diferentes: un de instalación e mantemento de xardíns e zonas verdes e outro de actividades auxiliares en viveiros e centros de xardinería.

A da área recreativa non foi a única actuación que se fixo ao abeiro deste obradoiro. Tamén se está a traballar na contorna do centro sociocultural de Furelos, onde se fan labores de limpeza, de nivelación do terreo, creación de gabias de drenaxe e actuacións "puntuais" de axardinamento. Os traballos prolongaranse ata o 29 de marzo, data de finalización do obradoiro. Para o día 30 está previsto o acto de clausura e a entrega de diplomas.

Alumnas do obradoiro cavando gabias e metendo a tubaxe

Catasol organiza unha excursión a Extremadura

A Asociación Catasol de Melide continúa desenvolvendo o programa de actividades de 2017, no que as saídas para coñecer diferentes puntos da xeografía española ocupan un lugar prioritario. Así, estase a organizar unha excursión a Extremadura para os días 20, 21, 22 e 23 de abril con visitas programadas a Cáceres, Badajoz, Mérida, Trujillo, Hervás e Guadalupe. O prazo para anotarse remata a finais de marzo. As persoas interesadas en inscribirse ou en consultar os prezos da viaxe poden facelo chamando ao 981 50 54 96 ou acudindo os martes entre as 6 e as 8 da tarde ao local de Catasol na Rúa da Alhóndiga.

A Xunta realizará obras de mellora nas vivendas sociais e na estrada AC-840

A Xunta de Galicia investirá 860.000 euros en realizar obras de mellora nas vivendas de promoción pública de Melide. Ese é o compromiso que a titular da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, Ethel Vázquez, lle trasladou á alcaldesa do municipio melidense, Dalia García, no marco dunha xuntanza de traballo mantida a mediados de febreiro.

Vázquez Mourelle explicou que o Instituto Galego da Vivenda e do Solo (IGVS) está avanzando nos proxectos para actuar en dous bloques. Un deles xa está redactado e supervisado mentres que o outro está en fase de redacción. Con estes traballos preténdese mellorar a eficiencia enerxética dos inmobles.

Propietarios e inquilinos queixáronse do estado das súas casas

Actuacións na AC-840

A responsable de Infraestruturas tamén comunicou que se realizarán diferentes actuacións na estrada AC-840, que comunica Betanzos con Agolada, ao seu paso por Melide. Unha delas farase no casco urbano e consistirá en substituír o colector do saneamento da Ronda de San Pablo para solucionar os problemas que se producen nesta zona os días de precipitacións intensas.

Por outra banda a Xunta tamén atenderá a solicitude feita polo Concello para dotar dita estrada dun carril central na intersección coa pista que vai a Zas de Rei, unha medida coa que se pretende aumentar a seguridade nesta zona.

Tamén coa intención de mellorar a seguridade se procederá á talla dunhas 600 árbores nas marxes do treito comprendido entre os puntos quilométricos 53 e 59. Ademais realizaranse rehabilitacións "puntuais" no firme.

Novos puntos de recollida para mellorar as cifras de reciclaxe

Unha veciña reciclando no novo contedor da rúa Galicia

O Concello de Melide quere darlle un empurrón á súa política medioambiental e mellorar as cifras de reciclaxe do municipio. Convencido de que os grandes logros parten de pequenos xestos, vén de instalar dez novos contedores de vidro noutros tantos puntos do casco urbano e do rural. Actuouse tamén na xestión dos aceites de cociña usados, establecendo tres novos puntos de recollida. Ademais habilitouse no punto limpo do Polígono da Madanela un lugar específico para a recollida de envases voluminosos de aceites usados co fin de elevar a cantidade de litros reciclados ao ano. En 2016 recolléronse en Melide 2.600 litros, "o que significa que hai moito que mellorar", recoñece a alcaldesa, Dalia García.

Graffiti pola igualdade nas rúas do casco urbano

Hai poucas semanas que a Ronda da Coruña presume dun vistoso mural con mensaxes a favor da igualdade de xénero. Non só se trata dunha obra de arte urbano, que tamén, senón do resultado dun proxecto pioneiro posto en marcha polo Concello de Melide para fomentar unha sociedade máis igualitaria.

Dita iniciativa, impulsada polo departamento de Igualdade e Benestar, consistiu nun concurso de grafitti para escolares do instituto no que participou alumnado de secundaria e bacharelato realizando deseños con referencias á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e á prevención, sensibilización e concienciación contra a violencia de xénero.

A proposta ganadora foi a elaborada por Toni Blanco Ameixeiras e Álex Martínez Valiño. Coa axuda dun grafiteiro profesional o seu deseño, no que se pode ler o lema *Igualdade para todos, se nos educas igual seremos iguais*, foi trasladado ao muro da Ronda da Coruña e incorporado á cultura urbana da vila.

O segundo premio foi para Marta Mosquera, Zaida Garea e Ainara Asorey, mentres que o terceiro posto foi para o traballo presentado por Lucía Carreira. A entrega de premios do certame realizouse o 8 de marzo no salón de plenos do Concello en coincidencia coa celebración do Día Internacional da Muller.

A edil de Igualdade, Chus L. Mourón, apunta á necesidade de seguir traballando no ámbito da infancia e da adolescencia "co fin de que se vaian concienciando da importancia que ten para unha sociedade máis xusta e libre o fomento da tolerancia, o respecto e os dereitos fundamentais".

Alumnado do IES traballando no muro da igualdade

Inspección móbil para maquinaria fitosanitaria

O vindeiro 20 de marzo, a Cooperativa Melisanto acollerá en horario de mañá e de tarde un punto para a Inspección Técnica de Equipos de Aplicación Fitosanitaria, un trámite obrigatorio para equipos fitosanitarios de máis de 100 litros e de máis de 5 anos de antigüidade. Os interesados en realizar dita inspección na unidade móbil da empresa Nagar deberán pedir cita previa a través da páxina web www.nagarservicios.com/iteaf ou chamando aos teléfonos 981 792 519 ou 981 506 026. A empresa Nagar é a única entidade autorizada pola Xunta de Galicia para impartir diferentes cursos de fitiosanitarios.

Asfaltarán 22 pistas de nove parroquias cos fondos do Plan Único da Deputación

O pleno do Concello de Melide deulle luz verde o pasado 23 de febreiro, cos votos a favor do equipo de goberno e a abstención de BNG e PSOE, ao reparto de fondos do Plan Único da Deputación, a través do cal o organismo provincial achegará un total de 728.824 euros.

Desa cantidade a maior parte, en concreto o 62% destinarase a gasto corrente. Son 451.220 euros que se empregarán principalmente para o pagamento da limpeza e viaria e da iluminación pública. O 38% restante, isto é, 277.694 euros destinaranse a mellorar a accesibilidade en 22 pistas do rural de nove parroquias: Baltar, Xubial, Maceda, Furelos, Santalla, A Garea, Zas de Rei, San Salvador e San Cosme.

O 38% da asignación do Plan Único investirase en rúas e pistas

Plan complementarios

Dito Plan Único obriga ao concellos a presentar proxectos complementarios por un valor equivalente ao 20% da cantidade total que adxudica a Deputación. Neste caso o executivo local presentou tres proxectos para mellorar a pavimentación da Avenida Compostela, Rúa Mateo Segade Bugueiro e o entronque das rúas Alcalde Manuel Salgado e Bocelo. Polo de agora estas obras están sen financiamento.

É a primeira vez que a Deputación concentra todas as súas axudas nun só plan. A alcaldesa, Dalia García, destaca como aspecto positivo que permite destinar as partidas de gasto corrente do orzamento municipal "a outras cuestións de investimento menor". Critica, non obstante, que ese 20% esixido para plans complementarios "entraña certa inestabilidade".

Troiteiros "Río Furelos" renova o convenio coa Xunta por 4+1 anos

Os troiteiros comprométense a coidar as infraestruturas do couto

O presidente da Asociación de Troiteiros "Río Furelos", Xavier Pazo, e a Conselleira do Medio Ambiente, Beatriz Mato, veñen de asinar a renovación do convenio de colaboración existente entre ambas partes, en virtude da cal o colectivo de pescadores seguirá cooperando coa Xunta no coidado e mantemento do couto do Furelos e os seus recursos piscícolas durante outros catro anos, prorrogables por un máis.

A vixencia do novo convenio, dous anos máis ca o anterior, é unha das novidades que incorpora o documento, xunto cun incremento dos permisos de pesca reservados para a asociación en dito couto para cada un dos días hábiles de pesca na tempada. Pasan do 33% ao 45%.

Santiso empregará WhatsApp para comunicarse mellor coa veciñanza

Tan sinxelo como aproveitar as vantaxes das novas tecnoloxías para mellorar a comunicación entre a administración e os seus administrados.

Partindo desa idea e do emprego dunha das aplicacións para móbil con maior implantación e uso, o Concello de Santiso lanza un sistema de mensaxería por WhatsApp co obxectivo de trasladarlle á veciñanza dunha forma máis rápida e áxil todas aquelas cuestións que poidan resultarlle de interese: cursos, convocatoria de axudas tanto municipais como da Deputación ou da Xunta, chegada da ITV móbil, celebración de actividades, horarios, prazos, incidencias na rede viaria, datas para a recollida de plásticos...

Sen renunciar ás fórmulas tradicionais, o teléfono móbil será a partir de agora a principal vía de información do Concello: "pretendemos chegar ao maior número posible de persoas", explica o alcalde, "e esta é unha maneira de facelo sinxela, cómoda para as dúas partes, gratuíta e sobre todo rápida e eficaz", aclara Manuel Adán, "para os bandos dependemos da dispoñibilidade do persoal e non sempre se chega a todos os sitios".

As contrapartidas son poucas: "a única molestia é darse de alta e logo gravar o número do Concello", sinala o rexedor. Tamén isto se facilitará, pois na última edición do boletín informativo que o goberno local reparte periodicamente en todas as casas do municipio, e que se distribuirá nos vindeiros días, incluirase un formulario para completar dito trámite. "É necesario cubrilo para cumprir a Lei de Protección de Datos", aclara Adán, quen engade que tamén se pode completar acudindo ás oficinas do Concello.

Dende o executivo local confían en que o servizo de avisos por WhatsApp, que comezará a funcionar este mes, "sume usuarios rapidamente e se converta nunha ferramenta de utilidade".

Clases gratis de seis disciplinas deportivas para os cativos de Santiso

Alumnado do colexio de Santiso nunha xornada didáctica impartida por Escuela Ayude

Escuela Ayude desembarca en Santiso. Como parte da súa estratexia de expansión o centro deportivo melidense acaba de chegar a un acordo co Concello para empregar as instalacións do pavillón de Visantoña como base para o adestramento e a práctica das diferentes disciplinas deportivas que imparte.

Non só se trata dunha boa noticia para Escuela Ayude, senón tamén para os cativos e cativas do municipio que, en virtude do acordo alcanzado, poderán practicar de xeito totalmente gratuíto ata seis modalidades deportivas diferentes: kick-boxing, boxeo, loitas olímpicas, patinaxe, fútbol sala e esgrima. As clases impártense os martes e os xoves pola tarde. No caso dos adultos, previo pago, poden practicar pilates e tai-chi.

O goberno local móstrase satisfeito coa chegada ao concello "dunha escola que leva traballando moito tempo cos rapaces e conseguindo moitos éxitos alá por onde vai". Recentemente, e a xeito de presentación, Escuela Ayude realizou unha xornada didáctica no colexio de Arcediago.

Sobrado clausura o obradoiro de atención sociosanitaria

O director xeral de Orientación e Promoción Laboral, Alfonso Marmotes, desprazouse a comezos do presente mes ata Sobrado para asistir á clausura e entrega de diplomas do obradoiro de emprego *O fogar da montaña*, un proxecto promovido tamén polos concellos de Toques, Curtis, Vilasantar, Boimorto e Mesía.

Neste caso un total de 20 persoas adquiriron ao longo dos últimos 6 meses as competencias necesarias para desenvolver a súa actividade profesional nas áreas de atención sociosanitaria, dirixida tanto a persoas no domicilio propio como a persoas dependentes en institucións sociais.

Na súa intervención o director xeral lembrou que nos vindeiros días o DOG publicará unha convocatoria para a realización de novo obradoiros por importe de 20,5 millóns de euros, o que supón un incremento do 50%, e da que se beneficiarán 1.600 persoas. Entre as novidades da convocatoria deste ano está a especial valoración da relación entre a iniciativa e o tecido empresarial da zona onde teña lugar. Tamén se ampliará a duración ata os 9 meses.

Pérez Marmotes tamén explicou que a fixación de poboación no rural é unha das prioridades do goberno galego, xa sexa a través destes obradoiros ou doutras iniciativas como o programa específico de formación e emprendemento no rural, no que se investirán 30 millóns de euros a través de 10 medidas para chegar a 13.000 persoas.

Alumnado, mestres e alcaldes na clausura do obradoiro

A Deputación destina 140.000 euros aos servizos sociais da comarca

A Deputación da Coruña vén de publicar unha nova edición da liña de axudas para o financiamento dos servizos sociais comunitarios de 83 concellos da provincia con menos de 20.000 habitantes.

Con este programa subvenciónanse os gastos dos profesionais dos servizos sociais municipais, entre os que se inclúen o persoal técnico e o persoal do servizo de axuda no fogar. A Terra de Melide recibirá máis de 140.000 euros distribuídos do seguinte xeito: Melide 52.994 €, Sobrado e Toques 31.572 € cada un, Santiso 24.066 €.

HISTORIAS CON HISTORIA

Xosé Núñez López, escritor

UN FINAL TRÁXICO NA ALDEA DE RIBADULLA

O protagonista deste relato histórico chamábase Don Manuel Basanta, quen chegou procedente da provincia de Lugo como cura párroco da parroquia de Ribadulla-Santiso, onde permaneceu durante moitos anos, ata o seu pasamento a mediados do pasado século XX.

Este cura, á parte de cumprir normalmente coa misión que tiña encomendada como sacerdote, era un gran coñecedor dos traballos e colleitas do agro galego, logrando converterse nun referente para os labregos de Ribadulla e das outras parroquias da zona. Como por entón non se lles permitía aos curas vestir de paisano, e supoño que aínda non se inventara o clériman, el recollía a sotana atándoa arredor da cintura e manexaba o arado coma calquera labrador.

Naquela época os da "Terra de baixo" (denominación empregada entón polos "señoritos" comerciantes de Melide para referirse aos labregos das parroquias de Beigondo, Pezobre, Ribadulla, San Román e Visantoña, illados de todo contacto coa civilización) tan só cultivaban nas súas hortas cebolas, allos, leitugas, xudías verdes, tomates e pementos, pois había a crenza de que outros produtos, entre os que figuraba a viña, era imposible que se criasen dado o clima frío da comarca.

O cura de Ribadulla trouxo da súa terra tres mozos novos, que ao parecer quedaran orfos, e un dos primeiros traballos que lles mandou facer foi plantar todo arredor da Casa Reitoral viña suficiente para poder ter viño de autoconsumo durante todo o ano. Tamén comezou a plantar repolos e outros produtos hortícolas ata entón descoñecidos na zona; pero non só xa para consumo propio, senón en cantidades suficientes para vender os excedentes nas feiras. Tamén trouxo da súa terra unha calidade de patacas brancas, semellantes á chamada Kennebec, de excelente calidade e foi tanta a fama que colleu en poucos anos que xa ninguén sementaba patacas que non foran "das do cura de Ribadulla".

Daba exemplo traballando e animaba aos labregos a que non se limitaran a ter colleitas só para consumo propio, senón que era necesario coller maiores cantidades para facer tamén algúns cartos e mellorar as condicións de vida no campo. Tamén sabía aplicar remedios caseiros para curar algunhas enfermidades. A base de herbas, algunhas crúas e outras cocidas, chegou a curar totalmente do fígado a algunha persoa da parroquia de Visantoña.

Os tres mozos que practicamente adoptara o cura, coñecidos por "Os Lamas", fixéronse homes traballadores e quedaron totalmente integrados na zona, como se foran nativos. O de máis idade, chamado José, tocaba ben a gaita e traballara algo de zapateiro na parroquia de Ribadulla. Naqueles tempos remotos das primeiras décadas do pasado século XX abundaban as pelexas entre mozos e a José ocorreulle o seguinte: cun mozo da aldea de Albín, da mesma parroquia (omítese o nome porque aínda están aí os familiares), tivera algunha discusión que non pasara das palabras, aínda que quedaran desafiados para outro día. Unha noite de inverno en que José, o máis vello dos "criados do cura de Ribadulla", saía dunha casa da aldea de Amboaxe de xogar a brisca, naquela entón escura corredoira atopouse cun grupo de mozos á fronte do cal estaba estaba o de Albín. Entón José, que levaba unha escopeta, vendo que o grupo avanzaba, díxolle ao mozo de Albín que non dera outro paso ou era home morto. Como non parou disparoulle dous tiros que lle ocasionaron a morte inmediata.

Recreación

Os de Albín, ao comprender que a José lle quedara a escopeta baleira e escapaba, correron tras del; pero como a cargou de novo durante a carreira, finalmente deixaron de perseguilo, o que facilitou que José marchara sen máis problemas para a súa casa. Cando chegou a Garda Civil para deter a José, este desaparecera, e díxose que escapara para Portugal. Tampouco foi atopada a escopeta. Esta circunstancia foi un grande alivio para o pai deste servidor de vostedes, porque fora el quen lle vendera a escopeta a José, arma de fogo que nunca estivera legalizada. Meu pai pensaba que se José era detido lle ían facer dicir de onde lle viñera aquela arma.

Pasaron anos e cando estábamos en plena Guerra Civil (1936-1939) apareceu José de novo por Ribadulla, pero como xa prescribira o delito de homicidio e ademais o papeleo andaba bastante desordenado, volveu a tocar a gaita nalgunha foliada ata acabar os seus días como un veciño mais da parroquia.

RESTAURANTE
PARRILLADA
PILMAR
MARIÑO
DESAYUNO • MENU
COMIDAS PARA GRUPOS
ESPECIALIDAD EN
CARNES AL A BRASA
Santa María, s/n.
15800 MELIDE (A Coruña)
Tlfnos.: 981 50 76 17
606 59 04 46

LA REINA
DE LAS
NIEVES
EL ESPECTACULO
TE DEJARÁ FROZEN
VIVE LA MAGIA EN ARENDELL
UNA NUEVA AVENTURA JAMÁS CONTADA
MELIDE
(A CORUÑA)
LUGAR
AUDITORIO CASA DE LA CULTURA
VIERNES 24 DE MARZO A LAS 18:00 HORAS
PRECIO DE VENTA ANTICIPADA 12€ Y 15€ TAQUILLA MISMO DIA DEL EVENTO

Plagostel
¿Quiere dormir tranquilo?
Plagostel
NRS (0177-GAL-SPO)
seguridad e higiene alimentaria
www.plagostel.com
698 163 399

Entroido 2016 COMARCA





2º Festival Infantil
19 MARZO 2017
ÁS 17:30 H.
NA CASA DA CULTURA DE MELIDE
ACTUARÁ
HERBA GRILEIRA
MELIDE
CÁNTIGAS E FRORES
LUGO
ORGANIZA:
herba grileira
COLABORA:
Deputación DA CORUÑA

A Anpa do Nº 3 enche de “paz e amor” o concurso de Entroido en Melide

Xa se pode dicir do Entroido de Melide que é un Entroido de multitudes, tanto polo número de persoas que se achegaron ao Pazo de Congresos o martes 28 de febreiro para asistir ao concurso de disfraces como pola magnitude da agrupación que se fixo co premio principal.

Cento corenta compoñentes nada máis e nada menos, entre cativos e adultos, sumou a comparsa da ANPA do colexio Mestre Pastor Barral, que repetiu por segundo ano no máis alto do podio. Se na edición de 2016 lograron a vitoria recreando un circo italiano, desta volta fixérono cunha colorida comunidade hippie na que non faltou a típica autocaravana, postos de venda de roupa, bicicletas ou un photocall. Todo iso acompañado pola música de Abba e Bonnie M, coas súas respectivas coreografías.

Ampaz e Amor, como se bautizou a comparsa, obtivo como premio 1.000 euros, o maior do total de 2.650 que repartiu o Concello de Melide entre os ganadores das diferentes categorías do concurso, que tivo unha duración aproximada de dúas horas e no que se inscribiron 13 participantes.

O segundo premio da categoría de comparsas, dotado con 700 euros, foi para a Asociación Cultural Charamela, que baixo o título *Monstros* presentou un dobre espectáculo de temática afín: por unha banda reproduciron no escenario o videoclip de *Thriller*, de Michael Jackson, e por outra metéronse na pel de Lordi, a banda finlandesa de Heavy Metal que se fixo mundialmente famosa a raíz da súa vitoria en Eurovisión no 2006 e na que destacan por enriba de todo as súas vestimentas.

A deliberación do xurado, “difícil” segundo coincidiron todos os seus membros, determinou que na categoría individual e de parellas o primeiro premio (150 €) fose para o *Sombreireiro e a raíña* da famosa película de Tim Burton fixo de *Alicia a través del espejo*. O segundo (100 €) recaeu en Otori e Fortuna. Xa na categoría de grupos fixéronse coa vitoria as *Marioetas Venecianas* (400 €) coa súa estatura descomunal. No segundo chanzo quedou o grupo dos *Pingüíns balduínos* (300 €), integrado tamén por un par de esquimós, un oso polar e un iglú sobre rodas.

Ampaz e amor, 1º premio de comparsas, sobre o escenario do Pazo de Congresos

Monstros, da Asoc. Cultural Charamela, 2º premio da categoría de comparsas

Marionetas venecianas, 1º premio da categoría de grupos

Pingüíns balduínos, 2º premio da categoría de grupos

O sombreireiro e a raíña, 1º premio da categoría individual e parellas

Cántigas e frores será o grupo invitado do Festival Infantil de Herba Grileira

Trala boa acollida que tivo a primeira edición, celebrada a comezos do ano pasado, a Escola de Música e Baile tradicional Herba Grileira traballa xa na organización do II Festival Infantil.

Celebrarase o vindeiro domingo 19 de marzo na Casa da Cultura de Melide e ademais do propio alumnado de Herba Grileira contará coa participación dun grupo convidado: *Cántigas e frores*, de Lugo. En total máis de medio cento de cativos serán os auténticos protagonistas dunha xornada cultural que dará comezo ás 17:30 e na que ao longo de hora e media se poderán ver diferentes actuacións de baile, gaita, pandeireta, e percusión.

O festival terá unha segunda parte o 2 de abril, mais xa co Auditorio Gustavo Freire de Lugo como escenario. Alí actuarán os máis cativos da escola melidense, que se desprazarán ata a cidade das murallas para devolverlle a visita aos seus colegas de *Cántigas e frores*.

Obradoiro de percusión

Tamén este mes de marzo, concretamente o sábado día 18, se desenvolverá outra das actividades programadas por Herba Grileria para este curso. Trátase dun obradoiro de percusión miúda que impartirá en Melide Xosé Lois Romero. Terá unha duración de tres horas (11:00 a 14:00) e un prezo de 5 euros para socios e 20 para non socios. A inscrición pode realizarse chamando ao 686 017 428.

Por outra banda, Herba Grileria avanza na posta en marcha da súa páxina web, que será presentada en breve.

Actuacións de baile e canto do alumnado de Herba Grileira

Melide botará a "lingua fóra"

Melide será un dos 40 concellos da provincia que acollerán as propostas do programa *Coa lingua fóra*, a nova iniciativa que a área de Normalización Lingüística da Deputación impulsa co obxectivo de promover o uso do galego entre a infancia e a adolescencia. Contos de Xabier Docampo, Concha Campo e Xoán Babarro como iniciativa de animación á lectura para o público infantil e o espectáculo de clown *Non sabes quen es* para o público adolescente achegarán novas razón para usar a lingua galega. Despois de cada espectáculo haberá unha charla con Manuel Núñez Singala para desmontar os prexuízos lingüísticos.

Cartas e debuxos que vos falan a vós, adolescentes, sobre os amores crueis

A exposición *Cartas de Amor*, promovida pola Dirección Xerar da Igualdade, chegou á Casa da Cultura de Melide co obxectivo de facer reflexionar aos adolescentes sobre a violencia existente no seu modo de relacionarse.

É unha mostra para facer pensar nos xestos violentos que se invocan en nome do amor, para pensar no amor que anula á persoa amada, no medo ao abandono que nos fai dependentes e manipulables, no amor que fai que xustifiquemos os celos, o illamento e a humillación. Pensar e previr, para que amar non sexa posuír nin impoñer límites.

Ante a preocupación polo incremento de casos de relacións de parella entre adolescentes "cunha forte carga de violencia verbal e incluso física", a Xunta puxo en marcha esta mostra coa que pretende "establecer un paralelismo entre o mundo romántico das primeiras relacións e a crueldade que ás veces vai asociada a elas".

A mostra púidose ver na sala de exposición da Casa da Cultura

Para iso propúxolle a debuxantes que plasmasen nunha imaxe situacións ou momentos que considerasen como violentos entre adolescentes, co obxectivo de poñer de manifesto a necesidade de mudar esas actitudes por outras nas que prime o respecto á parella. Na iniciativa colaboraron dous premios nacionais de ilustración e cómic; Miguel Calatayud e Paco Roca. Tamén figuras galegas como Patricia Castelao, Pirusca, David Pintor e Óscar Vilán, así como autores e autoras que están acadando grande éxito entre a xente nova: Eva Vázquez, Javier Olivares, Primitivo, Sonia Pulido, Jack Mircala ou Sergi San Julián.

Seis pupilos de Ayude estarán nos nacionais de Loita en Oviedo

Loitadores de Escuela Ayude en Vila de Cruces

O concello de Vila de Cruces acolleu a primeira fin de semana de marzo o Campionato Galego de Loitas Olímpicas, onde os clubs asistentes loitaron por conseguir unha praza na selección que representará a Galicia no campionato de España que se celebrará en Oviedo o vindeiro 8 de abril.

A xornada non puido acabar mellor para os loitadores de Escuela Ayuda. Dos oito que acudiron á cita todos fixeron podio e ademais seis deles conseguiron praza para a selección: Sabela Cabado, Nerea Iglesias, Nahum Ayude, Iker López, Nicolás Devesa e Arón Ayude. Tamén tiveron unha boa actuación Marcos Villamor e Roi Vázquez, que quedaron ás portas do ouro.

O Entroído de sempre

"QUE A XUSTIZA É IGUAL PARA TODOS, VENMO DICIR TI A MIN..."

Subidos ao balcón Manolo Parrado e Amiguete. Abaixo na Praza das Coles un auditorio co oído atento e a poucos metros o meco cos minutos contados á espera do lume. Son todos os ingredientes que precisa o Entroido máis tradicional de Melide, que organizado pola Asociación Curuxás volveu traer este ano o repaso máis acedo da actualidade en forma de coplas cargadas de retranca.

Poucas dúbidas houbo sobre o principal dos obxectivos, pois non existe a día de hoxe personaxe máis controvertido: Trump. Xa o deixou claro Amiguete dende o primeiro momento: *"era indiscutible o de arder a quen lle toca, ese tipo pide lume cada vez que abre a boca. Dixo ben babaridades, o mundo é alucinante, porque a pesar de todo escolleuno o votante. Aínda é a primeira vez que promete un partido e os electores queren que non cumpra o prometido"*.

Da política internacional axiña se foi chegando á local, da que semella que tamén había moito que dicir: *"non fai falla ir moi lonxe para ver votos tirados, que temos casos moi preto co partido máis votado. O partido máis corrupto que se viu hoxe en día, só lle faltaron dous xuízos para sacar a maioría. Para a Xunta aínda é peor, aí dá igual quen se presente, mentres sexa co PP, ha saír de presidente. Se algún día o Feijóo fai carreira en Madrid, pode vir Doña Rogelia, que seguro gaña aquí. Pero o voto do Concello foi o voto máis tirado, trece foron elixidos, quedan poucos funcionando. Se para cambiar de alcaldesa escolleron á colista, aínda foi peor o Bloque, que o fixo fóra da lista"*.

Amiguete abriu o grifo e tamén Manolo Parrado navegou polas mesmas augas: *"do Concello que diremos? Non podemos dicir nada. Non hai obras, solo festas, así está a merendada. E se non diredes vós, catro vallas que hai marelas, están onda o Avenida o que queira pode velas. As vallas están por algo na Praza da Universidade, seica hai un socavón, non é por causalidade. Menos mal que están fóra da Alameda á cabeceira, se chegan a estar dentro xa podían ter carreira. Tamén alí a carón está o conservatorio, onde aprenden a solfear e a aumentar o repertorio. Mais para botar a andar mandouche moito carallo: a matrícula foi ao día, o comezo ao trompicallo"*.

Donald Trump feito meco desaparecendo entre as chamas

Manolo Parrado e Amiguete pronunciaron o pregón dende un balcón da Praza das Coles

Público asistente atendendo ás coplas do pregón

Pero se hai un tema estrea nas coplas deste mestre pregoeiros, ese é a familia real, que ano tras ano segue dando moito que falar: *"hóubovos unha vez un circo que alegraba o corazón, como calquera espectáculo cando che daba a función. Tiña leóns, mandaba Cristo, e era bárbaro por lei, tan boas artistas tiña que se namorou o rei. Seica colleu tanto trato e tanta admiración, que o atendían en privado coa súa representación. Debeuse cansar dos leóns ou non poder coma antes, que fixo unha escapada e foi buscar elefantes. Non sexades mal pensados porque rompeu a cadeira, non foi facendo... que esborrexeu na escaleira. Despois saíu pola tele: `no volverá a pasar´. Foi... polo tropezón, que era por escapar"*.

Non foi difícil seguir tirando do fío: *"a xustiza é igual para todos, venmo dicir ti a min. Non fai falta que mo digas, que mo di Urdangarín. Falan de anos de cárcere, é dicir, de ir á cadea, levan millóns de cartos e non devolveron unha perra. Se esa é a xustiza que administran na mesa, se a iso chaman xustiza, que veña Dios e o vexa"*.

Temas de xustiza tamén houbo varios ben próximos e Amiguete non os quixo deixar escapar: *"tamén Soqui Cea foi xulgada por corrupta, pero non ten conta en Suíza nin se quedou ca viruta. Dixo que a depuradora xa estaba rematada, foi mentira piadosa pero vaille saír cara. É verdade, enganouse, e de asinar ten a culpa, por non perder subvención e por consello da Xunta. Non foi nada comparado co do Nóos e Palma Arena, e a pesar de todo a Infanta librouse da cadea. Tampouco lle foi moi mal ao mangante do marido, que lle caeu só un terzo do que lle tiñan pedido"*.

E aínda máis: *"en Melide arrestaron, e non se libran da pena, a unha familia enteira na Operación Las Vegas. O goberno animou á xente a que emprendera e van agora os picoletos foder a pequena empresa. A unha empresa familiar chámanlle crime organizad, armas máis quilo e medio foi todo o incautado. Un quilo parece moito e non é tanta animalada, que se consume en Melide un sábado de empatada"*.

Como conclusión do capítulo xudicial: *"que estes exemplos demostren que a lei non é para todos, que incluso en Melide hai algúns que lles súa o forro. Moitos dos locais nocturnos pechan á hora que lles peta e acumulan máis denuncias ca nas cidades galegas. Ollo á nova normativa, que se lles acaba a teta, porque obriga aos concellos a que lles dean máis leña"*.

Entroido 2016 MELIDE

Fotos: Turismo Melide

Si, mátanas por nada!

Santiago Prado Conde (Chago), antropólogo

Levamos dous meses de ano e xa falta pouco para chegar ás 20 mulleres asasinadas a mans de homes. Estanse batendo todos os récords! Hai que plantarlle cara a esta lacra e pandemia que tristemente atravesa fronteiras e chega a todos os recunchos do planeta. Non pode quedar na celebración dun día e temos que estar activos constantemente.

Para non perder a senda do compromiso é preciso entender que ocorre para pór terra de por medio. No ano 2009 viu a luz un documental ben explícito no seu título: Non queriades saber por que as matan? Por nada. É un dos documentais máis impactantes (pode visualizarse en Vimeo) sobre a temática e que se fundamenta nun proxecto de investigación liderado pola antropóloga Mercedes Fernández Martorell.

O foco de atención non se pon nas vítimas, como é o máis habitual, senón en homes que foron declarados culpables de exercer violencia contra as súas parellas. Durante o tres anos que durou o proxecto, o equipo investigador achegouse a 700 homes para tratar de entender os porqués dos malos tratos, é dicir, coñecer as súas subxectividades, formulacións e formas de proceder. O fenómeno, lonxe de responder a unhas características concretas, é común nos distintos agresores, transcende as condicións sociais e ten elementos que se repiten a pesar da especificidade de cada caso concreto.

Como ben se reflicte no vídeo, os patróns comúns dos agresores responden á construción dun tipo de moralidade sobre a relación home-muller que se define porque a muller debe facer aquilo que o home dispuxo. Afastarse de tal forma de proceder por parte da muller leva a que o home se vexa cuestionado na súa construción xenérica e a desencadear violencia. Por tanto, está a pórse en dúbida a aparente igualdade de dereitos e, alén de lexislacións concretas, maniféstase que as relacións se constrúen baixo o paraugas da desigualdade e desencadean en violencia.

A investigación demostra que seguimos vivindo nunha sociedade na que unha parte importante dos seus cidadáns xera relacións entre os sexos mediante unha construción diferencial do xénero e, así, perpetúase un novo tipo de patriarcado. É dicir, máis aló do gozo dos mesmos dereitos e oportunidades, a sociedade segue dominada por un androcentrismo que, pouco a pouco, esperemos poder superar para que a violencia contra a muller e as nenas se torne en relacións equitativas. E, así, que o vello lema "queremos ser libres, non valentes" redunde nunha situación que deixe de aprenderlle ás mulleres a protexerse e se faga explícito en que se lle aprenda a eles a non xerar violencia como forma de proceder socialmente.

Novos retos educativos

Laura Díaz, mestra

Un dos retos principais aos que se enfronta a educación actual é darlle solución o acoso escolar. E non só solución, senón atallar o problema dende o inicio cunha prevención adecuada. A problemática do acoso escolar ten un transfondo moito máis complexo que unha simple pelexa entre dous nenos ou nenas, por iso é tan difícil atopar unha solución. Novos movementos pedagóxicos defenden un modelo educativo máis humano no que se traballe a educación emocional nas escolas e na casa partindo do feito que todos somos diferentes pero iguais en sentimentos.

A sociedade na que vivimos, chamada "sociedade da tecnoloxía", non só cambiou a forma de relacionarse dos adultos, senón dos máis novos, creando relacións a través de redes sociais que en moitas ocasións non son reais nin baseadas no coñecemento mutuo e o aprecio a outro ser humano. Están simplemente asentadas na cantidade de "gústame" e "compartido" que se acadan, medindo así o éxito social dunha persoa. Isto pode afectar á baixa autoestima dos adolescentes, que buscan como principal obxectivo pertencer a un grupo social. Por tanto a rede de acoso vólvese cada vez máis complexa, xa non só no conflito que existe na aula e no recreo, senón durante todo o día.

Deberiamos darlle máis importancia a educar a sociedade nestas novas tecnoloxías, sobre todo os nosos nenos e nenas, que contan con menos ferramentas para enfrontarse a ela; a empregala de forma correcta e non substituír as relacións persoais por relacións virtuais. O futuro hai que encamiñalo cara a unha educación máis centrada nas persoas, nos seus pensamentos e sentimentos, cousa difícil por outra banda cando os docentes moitas veces se enfrontan a grupos de alumnos e alumnas moi elevados sen contar con persoal de apoio nin formación para tratar certas condutas violentas e os pais e nais teñen horarios de traballo moi difíceis para poder compaxinar coa crianza dun neno ou nena.

O futuro terá que encamiñarse cara un traballo conxunto das familias, a escola e as entidades educativas para poder facer fronte a esta problemática tan importante.

Tomás Mirambell Maristany

César C. Vega, investigador

A articulación do rexionalismo co federalismo reafirmouse con Tomás Mirambell Maristany. Este industrial radicado en Vigo esgrimiu no artigo «Salvemos a Galicia» (*Revista Gallega*, 16–VII–1899) a oposición Galicia–Estado español e a especificidade galega.

"Galicia tiene un arte, una literatura y un derecho propios... Galicia es económica y el Estado español es despilfarrador. Los hombres de Galicia son pensadores circunspectos; los hombres del Estado español son ligeros y vanidosos. El pueblo gallego es trabajador y laborioso; los hombres que contra todo derecho tienen la hegemonía de España, vagos y desarreglados... Fundar sobre las ruinas de esta España caduca, holgazana, pobre, débil y africana, otra España trabajadora, fuerte, rica y europea".

O discurso contaba coa influencia da fundamentación nacionalitaria murguiana, nomeadamente no concepto de liberdade. Isto supoñía abandonar compoñentes do ideario federal a favor doutros máis nacionalitarios e historicistas. "La libertad de los pueblos no depende de constituciones exóticas importadas de otros pueblos y otras razas por el capricho de los hombres. La libertad es todo lo contrario: las leyes, el hábito, las costumbres y el modo de ser de los pueblos, no son productos del talento de un hombre... son la labor de muchos siglos y de muchas generaciones, y atentar a ellas es atentar a su libertad, a la integridad de la patria... la verdadera libertad es respetar el peculiar modo de ser de cada región y cada raza, perfeccionarlas adaptándolas y encauzándolas al progreso regular de los tiempos".

A conceptualización ideolóxica inclúe elementos como a nacionalidade galega dentro do Estado español («Centralismo y regionalismo. El progreso de Galicia») e unha proposta radical de descentralización («Galicia y el regionalismo. ¿Es el regionalismo retroceso?», *Revista Gallega*, 15–VII–1900).

"Crearíamos el *poder legislativo*, esto es, las Cortes Gallegas... crearíamos el *poder ejecutivo* con funcionarios nombrados por las Cortes para gobernar los distintos ramos de la administración regional; y finalmente crearíamos el *poder judicial* que habría de fallar en última instancia los pleitos y causas de la Región organizando la Audiencia de Galicia... Crearíamos tambien el *Ejército Regional* a semejanza de los que esisten en algunos estados alemanes... Quedaría a cargo de los poderes centrales: el pequeño ejército nacional y las relaciones de carácter general entre los ejércitos regionales; los asuntos económicos y políticos de España con los demás países, aduanas, ferrocarriles, canales y puertos de interés general; la resolución de los conflictos interregionales; la marina militar y por último la fijación de las cantidades con que habrían de contribuir las regiones al sostenimiento de las cargas del Estado".

Mª CARMEN SÁNCHEZ E ÁNGELES SÁNCHEZ, PERFUMERÍA LYSS

“Seguiremos ao pé do canón coa mesma ilusión do primeiro día e os pés na terra”

Perfumería Lyss está de aniversario. Cumpre 20 anos e pasa a integrar esa longa lista de tendas de Melide de toda a vida; as que xa forman parte da idiosincrasia da vila. Detrás deste proxecto están dúas irmás, Ángeles e Mª Carmen, que souberon no seu momento apostar por un sector emerxente e por un concepto de tenda, a de autoservizo, que foi toda unha novidade na época. Ao longo de dúas décadas tiveron que irse adaptando ás novas formas de consumo, á aparición da competencia e á evolución dos gustos, pero sempre conservando ese trato familiar que marca a diferenza.

- Perfumería Lyss cumpre 20 anos e vostedes media vida detrás do mostrador. Que aprendizaxes sacaron durante este tempo a nivel persoal e profesional?
- Ángeles Sánchez (A.S.): Aprendes sobre todo a coñecerte mellor a ti mesma. Eu por exemplo descubrín que teño moita paciencia, máis da que pensaba. Tamén aprendín a escoitar e creo que é algo que se me dá ben. Aquí vén moita xente que necesita falar. Ademais de mercar, ves que necesita desafogarse.

- Carmen Sánchez (C.S.): Empezas falando do tempo e esa conversa pode derivar en cuestións moi persoais. Ás veces incluso é xente coa que non tes moita relación. Temos que facer un pouco de psicólogas, forma parte do traballo. O feito de estar cara ao público modélache o carácter. Sobre todo aprendes autocontrol, a relativizar e a contar ata dez antes de falar.

- Como van celebrar este aniversario tan especial?
- A.S.: Imos sortear cinco vales de 20 euros entre os clientes que fagan compras ao longo do mes de marzo. Xuntaremos todos os tickets emitidos dende o día 1 ao 31, nos que anotaremos os correspondentes nomes, e o último día faremos un sorteo. A maiores o mércores 15, que é o día propio do aniversario, haberá sorpresas e descontos especiais.

- Botando a vista atrás, como foron as orixes de Perfumería Lyss?
- A.S.: A verdade é que nos parece que aínda foi onte cando abrimos. Foi algo que montamos con ilusión as dúas. Vimos dunha familia de emprendedores, xa que nosos pais tamén emprenderon no seu día no sector da hostalería. Nós escollemos a perfumería porque como clientas vimos que había unha carencia en Melide. A nosa foi unha das primeiras tendas de autoservizo que se montou na vila. Daquela todo o que había eran os tradicionais negocios con mostrador nos que te despachaban. Nós queriamos algo diferente; unha tenda na que o cliente puidera mirar, tocar e consultar o prezo ao seu aire.

Mª Carmen e Ángeles Sánchez levan 20 anos á fronte de Perfumería Lyss

- C.S.: A nosos pais témoslles moito que agradecer. Apoiáronnos dende o primeiro día que decidimos montar a tenda e séguennos apoiando. Grazas a eles e á clientela que confía en nós cada día seguimos aquí.

- Como mudou o negocio e o xeito de vender ao longo destes 20 anos?
- A.S.: Ao principio decidimos dedicarnos só á perfumería pero unha cousa levou a outra e axiña chegaron os complementos. Despois tiramos tabiques, fixemos unha ampliación de local e introducimos os produtos de droguería. A día de hoxe temos perfumería e cosmética, droguería e complementos: bolsos, billeteiras, fulares, bufandas, gorros, guantes, tocados e carteiras de festa, paraugas, algo de bixutería, medias... un pouco de todo.

- C.S.: O xeito de vender cambiou porque hai máis com- petencia, novas formas de mercar, máis publicidade... antes viña un comercial, ensinábache todas as novidades e ti ensinábasllas á xente. Agora é todo o contrario; moitas clientas xa veñen demandando produtos que viron por internet, na televisión ou que coñeceron a través de blogueiras e que aínda non están distribuíndo os comerciais. Vai todo máis rápido e o cliente está moito máis informado.

- Como se fai fronte á competencia das grandes superficies e dos supermercados?
- C.S.: Eu creo que a diferenza está no trato ao cliente. Intentamos ser cercanas, aconsellar e resolver calquera dúbida que xurda.

- É máis difícil sacar adiante o negocio cando é cousa de dúas?

> “Este mes, para celebrar o noso 20º aniversario, sortearemos 5 vales de 20 € entre a clientela”

- C.S.: No noso caso complementámonos moi ben. De feito os comerciais sorpréndense do claro que o temos á hora de mercar. Só cunha mirada xa nos entendemos.

- Tamén lles resulta doado escoller mercancía?
- C.S.: Procuramos ter artigos para todo tipo de públicos, dende o máis clásico ao máis moderno, aínda que nos gusta ter cousas novas e actuais. Agora mesmo empezamos cunha liña nova de augas de perfume elaboradas en Galicia, *AVEC MOI*, que están gustando moito. Hai que adaptarse sempre á xente. Ás veces é a propia clientela a que che dá ideas.

- Como serán os próximos 20 anos de Perfumería Lyss?
- A.S.: Nós seguimos con moita ilusión e somos positivas, aínda que pasamos por momentos difíciles. Ao pequeno comercio cústalle moito día a día saír adiante, pero como di a canción... “resistiré”. Queremos animar a toda a xente a que aposte polo comercio pequeno, que nos visite e que se sorprenda da cantidade de artigos bonitos que temos.

Perfumería Lyss Melide
Tlf: 981 50 76 84
Ronda da Coruña, 44

ATHENEA
FOTO ESTUDIO

Especialide en Vodas

¡¡¡CASA CON NÓS!!!

contacto: 881 95 90 84 - 634 752 656
email: atheneafot l.com
enderezo: Avda da Habana 3bj (Melide)